

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

A CORUÑA

Persoal

Publicación resolución da convocatoria pública para a provisión do posto de traballo de xefatura de servizo de tesourería, polo sistema de libre designación

ANUNCIO

O concelleiro delegado responsable de Economía e Planificación Estratéxica, por delegación da Xunta de Goberno Local, con data do 4 de marzo de 2026, adoptou a seguinte resolución:

Primeiro.- Resolver a convocatoria pública para a provisión, polo sistema de libre designación, do posto de xefatura de Servizo de Tesouraría, referencia 1247, aprobada por Resolución do concelleiro delegado de Economía e Planificación Estratéxica (por delegación da Xunta de Goberno Local) do 04/06/2025 (BOP núm. 114, do 17/06/2025; DOG núm. 145, do 31/07/2025; BOE núm. 236, do 01/10/2025).

Segundo.- Adxudicar ao funcionario de carreira **don Juan Manuel Díaz Villoslada** (DNI ***5025**), o posto de traballo que se indica na táboa, de conformidade coa RPT vixente:

Servizo	Cod.Unid Org.	Unidade Org.	Ref. posto	Posto de traballo	Gr.	N	Escala	Req. Esp.	Element. Espec.	FP	Adm.
Tes. Xeral	TG0000	Tesourería	1247	Xefat. de Servizo	A1	28	AX/AE		FR14 ED	LD	TD

Terceiro.- O expresado nomeamento producirá efectos a partir da data de toma de posesión no posto de traballo obxecto desta convocatoria.

De conformidade co establecido no Decreto 151/2022, do 4 de agosto, o prazo para a toma de posesión do novo destino obtido será de 3 días hábiles se non implica cambio de residencia, ou de 7 días hábiles se comporta cambio de residencia.

Cando a persoa adxudicataria do posto obteña coa toma de posesión o reingreso ao servizo activo, o prazo será dun mes.

O devandito prazo de toma de posesión comezará a contarse a partir do día seguinte ao do cesamento no posto anterior, que deberá efectuarse dentro do prazo de 3 días hábiles contados a partir do seguinte ao da data da publicación da resolución do nomeamento no Boletín Oficial da Provincia. Se a resolución comporta o reingreso ao servizo activo, o prazo de toma de posesión deberá computarse desde a data da resolución da convocatoria.

O cómputo de prazos de posesión iníciarase cando se finalicen os permisos ou licenzas, que, se é o caso, fosen concedidas ao citado persoal. Nos supostos de incapacidade temporal o cómputo do prazo iníciarase a partir da correspondente alta.

Cuarto.- Publicar esta resolución no Boletín Oficial da Provincia e notifíquese á persoa adxudicataria.

Quinto.- De acordo co previsto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, e na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa, contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, poderá interpoñerse, con carácter potestativo, un recurso de reposición no prazo dun mes ante o mesmo órgano que a ditou ou un recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses ante o órgano competente da xurisdición contencioso-administrativa contados a partir do día seguinte ao da publicación da disposición impugnada ou ao da notificación ou publicación do acto que poña fin á vía administrativa. No caso de interpoñer un recurso de reposición, non se poderá interpoñer un recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produza a súa desestimación presunta.

A Coruña, 05 de marzo de 2026

A XUNTA DE GOBERNO LOCAL, P.D.

Concelleiro delegado responsable de Economía e Planificación Estratéxica

José Manuel Lage Tuñas